

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE SETEMBRO DE 2020

Ás 10:10 horas do día 18 de setembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 15 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. María Blanco Rodríguez, vogal suplente da xefa do Servizo de Contratación
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 2 e 4)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (5a, 6a e 10)
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste aos puntos 5b e 6b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 14 de setembro de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a UNIUM SERVICIOS AUXILIARES para que puidese emendar a documentación persoal

O anterior licitador presentou a documentación dentro do prazo, o 15 de setembro.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:



- Admitir neste procedemento a UNIUM SERVICIOS AUXILIARES por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) (23.978-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 14 de setembro de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa tendo en conta o seguinte:

Se ben o referido informe indica "A oferta inclúe, neste apartado, unha relación proposta de Actividades extraescolares e de Cursos específicos, cando no punto 7.A.1 das FEC se indica "Non se fará referencia aquí ás actividades relativas aos puntos 3.4.1 e 3.4.2 do Proxecto Educativo da ETRAD -Anexo 1 do PPT-, pois son obxecto de valoración noutros apartados" e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación contempla como motivo de exclusión na súa cláusula 14.2B "a incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC", debe terse en conta o criterio mantido polos tribunais de recursos que teñen declarado a falta de automaticidade do efecto excluínte como consecuencia do cumprimento defectuoso dos requisitos formais de presentación das ofertas (resolución nº 396-2019, do 23 e maio, entre outras). En base a este criterio e tendo en conta o principio antiformalista que debe presidir a contratación pública e as circunstancias concorrentes neste caso concreto, non se considera procedente a exclusión de GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. porque non se vai comprometer a obxectividade do órgano de contratación na avaliación das proposicións avaliadas mediante fórmula, ao terse presentado un único licitador.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 05:32	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA548-C5BE34-42DD2B-8Q52T1-LYVG5J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Deste xeito, o coñecemento previo da información facilitada por este licitador no sobre B resulta un erro sen transcendencia para terceiros, polo que non implica unha vulneración dos principios contractuais de igualdade de trato e concorrência.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 11 de setembro de 2020 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe anterior e acorda excluír a FORESTAL SANTOMÉ, S.L. e EMDESFOR 2002, S.L. dos 5 lotes deste procedemento por non acadar o umbral mínimo de puntuación (50%) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) (23.978-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" do licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	(nº) día/s de actividades extraescolares complementarias ofertada	Horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da ETRAD
1	GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L.	1.024.500,00€	10 días	60 horas

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. Xaquín Xesteira Losada, con DNI **.62.46*, en representación de GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (GREDA, S.L.).

Compróbase na sesión que a oferta presentada non contén valores anormais de acordo co previsto na cláusula 18 do PCAP e, en cumprimento do establecido na cláusula 16.3 do



PCAP a Mesa outórgalle a máxima puntuación segundo o apartado 7B do Anexo I - FEC- do PCAP:

	Licitador	Prezo	(nº) día/s de actividades extraescolares complementarias ofertada	Horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da ETRAD	Total
1	GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L.	40 puntos	10 puntos	10 puntos	60 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L.	27,5 puntos	60 puntos	87,50 puntos

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

1.- CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Propón para o LOTE 1:

- *Un porcentaxe de desconto do 8,10% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).*
- *Un porcentaxe de desconto do 15,10% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).*

Propón para o LOTE 2:

- *Un porcentaxe de desconto do 7,90% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).*
- *Un porcentaxe de desconto do 15,10% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).*
- *Un porcentaxe de desconto do 14,10% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 3 (ML Estabilización de ribeira mediante rollizos) (dito desconto será ofertado con dous decimais).*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 05:32	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA548-C5BE34-42DD2B-8Q52T1-LYVG5J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Propón para o LOTE 4:

- Un porcentaxe de desconto do 5,10% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 13,10% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 18,10% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 3 (M2 Aplicación de produtos fitosanitarios) (dito desconto será ofertado con dous decimais).

Propón para o LOTE 5:

- Un porcentaxe de desconto do 6,10% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 14,10% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).

2.- GROMA OBRAS, S.L.

Propón para o LOTE 1:

- Un porcentaxe de desconto do 12,21% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 12,21% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).

Propón para o LOTE 2:

- Un porcentaxe de desconto do 11,85% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 11,85% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 11,85% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 3 (ML Estabilización de ribeira mediante rollizos) (dito desconto será ofertado con dous decimais).

Propón para o LOTE 3:

- Un porcentaxe de desconto do 10,01% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 10,01% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).

Propón para o LOTE 4:



- Un porcentaxe de desconto do 6,83% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 6,83% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 6,83% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 3 (M2 Aplicación de produtos fitosanitarios) (dito desconto será ofertado con dous decimais).

Propón para o LOTE 5:

- Un porcentaxe de desconto do 7,37% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 7,37% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).

3.- LAPATIAN, S.L.

Propón para o LOTE 1:

- Un porcentaxe de desconto do 8,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 8,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).

Propón para o LOTE 2:

- Un porcentaxe de desconto do 8,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 8,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 8,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 3 (ML Estabilización de ribeira mediante rollizos) (dito desconto será ofertado con dous decimais).

Propón para o LOTE 3:

- Un porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).

Propón para o LOTE 4:

- Un porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 05:32	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA548-C5BE34-42DD2B-8Q52T1-LYVG5J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Un porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 3 (M2 Aplicación de produtos fitosanitarios) (dito desconto será ofertado con dous decimais).

Propón para o LOTE 5:

- Un porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 1 (dito desconto será ofertado con dous decimais).
- Un porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar ao prezo unitario do traballo tipo 2 (dito desconto será ofertado con dous decimais).

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. José Ramón Panete Fernández con DNI **.24.56*, en representación de CALFENSA PROYECTOS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) (23.978-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de danza de Vigo (EMD) (23.979-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L.	87,50 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (B-36.576.049), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 05:32	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA548-C5BE34-42DD2B-8Q52T1-LYVG5J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (23.976-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (23.976-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas (PPT) de data 08/01/2020, redactado pola xefa do Servizo de Educación do Concello de Vigo e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 12/02/2020, redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 79.917,21 euros IVE incluído (32.693,40 € IVE incluído na anualidade de 2020; 39.958.60 € IVE incluído na anualidade de 2021 e 7.265,20 € para a anualidade de 2022) para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblitoteca de Navia por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.22.799.15 "Sala



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 05:32	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA548-C5BE34-42DD2B-8Q52T1-LYVG5J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Lectura de Navia". O valor estimado do contrato estipulase en 178.327,66 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de agosto de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xullo de 2020, de ELEROC SERVICIOS S.L (OSGA) por exceder o prezo unitario ofertado o prezo previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP).

Segundo.- Excluir deste procedemento a AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES S.L, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola Xefa de servizo de Educación de data 11 de agosto de 2020.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de navia na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO	93,30
2	ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U	90,94
3	SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S.L	81,17
4	EULEN CEE, S.A.	78,69
5	SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U	77,14
6	COMBINA SOCIAL S.L	71,18
7	GRUPO SIFU GALICIA, S.L.	45,54
8	DIMOBIA SERVICIOS, S.L.	25,17
9	PRINTES SECURITY ADVICE S.L	12,41

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO (B82992744), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L., o día 20 de agosto de 2020, que presenta a documentación requirida o 2 de setembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 8 de setembro de 2020, revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, que a documentación era correcta agás o importe da garantía depositada. Dado que o importe da garantía depositada se correspondía co importe esixido na notificación da resolución de clasificación, a Mesa entendeu que o erro puido ser inducido por esta Administración, polo que se concedeu un prazo de tres días ao licitador para que puidese completar a garantía depositada.

Con data do 14 de setembro de 2020 INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. presentou a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizárase a favor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 05:32	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA548-C5BE34-42DD2B-8Q52T1-LYVG5J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor do 1 de xullo de 2020 (e informe complementario do 9 de xullo) e das proposicións avaliáveis mediante fórmula do 12 de agosto de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón das seguintes exclusións:
 - Exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 24 de xullo de 2020 de ELEROC SERVICIOS S.L (OSGA) por exceder o prezo unitario ofertado o prezo previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP).
 - Exclusión acordada por resolución do 19 de agosto de 2020 da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), de AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES S.L, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola xefa de servizo de Educación do 11 de agosto de 2020.
2. Adxudicar a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. (B-27.715.879) o procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (23.976-332) por un prezo total de 70.106,93 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.167,32 euros e un prezo unitario da bolsa de horas de 12,11 euros/hora, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,10 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO" (495-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 05:32	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA548-C5BE34-42DD2B-8Q52T1-LYVG5J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO" (495-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO".

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 20.03.2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Xefa do Servizo de Contratación en data 22.04.2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CEN MIL CENTO CUARENTA E CINCO EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (100.145,05 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 17.380,55 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.09 (C. DEP. 2ª ANUAL. IGREXA BEADE-GARRIDA, TRAMO REGATO).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 05:32	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA548-C5BE34-42DD2B-8Q52T1-LYVG5J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2020	45.065,27 €
2021	55,079.78 €
TOTAL	55,079.78 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 122,22 %.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente, unha vez finalizado o Estado de Alarma, declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de agosto de 2020 adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos en data 18 e 19 de agosto de 2020 respectivamente:

1. PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO" (495-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	65,95
2	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	65,91
3	ICEACSA CONSULTORES SLU	63,50
4	GOC, S.A	63,40
5	GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U	56,10
6	GALAICONTROL S.L.	54,06
7	NOEGA INGENIEROS- SL	46,63

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., o día 1 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida os días 8 e 14 de setembro de 2020, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 14 de setembro de 2020, revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. para que puidese completar a solvencia técnica acreditada.

Con data do 15 de setembro de 2020 o licitador presentou a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizárase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 05:32	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA548-C5BE34-42DD2B-8Q52T1-LYVG5J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 3 de agosto de 2020 e do informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de datas 18 e 19 de agosto de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión deste procedemento de PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos en data 18 e 19 de agosto de 2020 respectivamente.*
2. *Adxudicar a INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. (B-36.983.906) o procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO" (495-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 81.638,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.168,58 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 05:32	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA548-C5BE34-42DD2B-8Q52T1-LYVG5J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		